

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

14015 *RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2006, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se establece o procedemento para a recepción polo Estado español dos ingresos procedentes doutros Estados e territorios dependentes ou asociados, por aplicación da Directiva 2003/48/CE, do Consello da Unión Europea, do 3 de xuño de 2003. («BOE» 183, do 2-8-2006.)*

O Consello da Unión Europea, con data do 3 de xuño de 2003, adoptou a Directiva 2003/48/CE, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros.

O obxectivo fundamental da dita directiva non é outro que conseguir que os xuros que, como retribución do aforro, lles paguen nun Estado membro da Unión Europea a persoas físicas residentes noutro Estado membro queden suxeitos a tributación efectiva neste último Estado membro.

Para tal efecto, a directiva establece un sistema de intercambio automático de información entre os diferentes Estados membros acerca dos xuros satisfeitos nos seus respectivos ámbitos territoriais a persoas físicas non residentes.

No entanto, a existencia de diverxencias estruturais nalgúns Estados membros (en concreto, Austria, Bélxica e Luxemburgo) impide que estes poidan aplicar o intercambio de información de forma simultánea co resto dos Estados membros da Unión. Por esta razón, a directiva, no seu capítulo III, dispón que, durante un período transitorio, eses Estados apliquen un sistema de retención á conta sobre os rendementos obxecto da dita norma e transfiran posteriormente unha determinada porcentaxe do importe retido ao Estado membro en que o receptor de tales rendementos teña a residencia para efectos fiscais.

Por outra parte, a Unión Europea considerou necesario subscribir acordos con Estados terceiros (Suíza, Liechtenstein, San Mariño, Mónaco e Andorra) e con territorios dependentes ou asociados do Reino Unido (Jersey, Guernese, Illa de Man, Anguilla, Illas Virxes, Illas Cayman, Montserrat, e Illas Turks e Caicos) e dos Países Baixos (Antillas Holandesas e Aruba), co fin de que tales Estados e territorios apliquen medidas equivalentes ás contidas na directiva.

Estes Estados terceiros reterán unha porcentaxe dos xuros satisfeitos a persoas físicas residentes nun Estado membro da UE e procederán a transferir unha parte destas retencións ao país que corresponda. Opcionalmente, e durante o período transitorio, poderanse acoller a este mesmo procedemento os aludidos territorios dependentes ou asociados.

En consecuencia España poderá recibir, durante o período transitorio previsto na directiva, ingresos procedentes de retencións efectuadas aos residentes en territorio español polos xuros que perciban en Bélxica, Luxemburgo, Austria e nos territorios dependentes ou asociados do Reino Unido e dos Países Baixos. Así mesmo, poderanse recibir ingresos procedentes de Estados terceiros durante un período indefinido, xa que estes non están suxeitos á limitación temporal do período transitorio.

Por conseguinte, resulta imprescindible establecer un procedemento que lles permita aos Estados e territorios suxeitos a este sistema transitorio transferir a España aqueles importes que resulten das retencións por eles practicadas sobre as retribucións do aforro pagadas a persoas físicas residentes, para efectos tributarios, no noso país.

En virtude de todo o exposto, establécese o seguinte procedemento:

Primeiro. Ámbito de aplicación.—Esta resolución será aplicable aos ingresos mediante transferencia realizados a favor do Estado español por outros Estados e territorios dependentes ou asociados, como consecuencia do procedemento establecido no capítulo III da Directiva 2003/48/CE, do Consello da Unión Europea, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros.

Segundo. Procedemento de ingreso.

1. Apertura de conta restrinxida. Os ingresos a que se refire a epígrafe primeira realizaranse a través dunha conta restrinxida aberta no Banco de España.

Para efectos desta resolución, enténdese por conta restrinxida a conta corrente sen retribución e sen devengo de ningunha comisión en que só se poden efectuar anotacións en concepto de aboamentos e unha única anotación por débeda, no momento de ingresar o saldo desta na conta corrente do Tesouro no Banco de España.

Non obstante, poderanse efectuar outras anotacións cando teñan orixe nas rectificacións autorizadas, por estaren debidamente xustificadas.

2. Conta restrinxida que debe abrir o Banco de España. O Banco de España procederá á apertura dunha conta restrinxida de ámbito nacional coa denominación «Tesouro Público. Conta restrinxida Directiva Unión Europea en materia de fiscalidade do aforro», á cal lle asignará o CIF da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A codificación da dita conta axustarase ao código IBAN (número internacional de conta bancaria) coa seguinte estrutura:

Dous díxitos. Identificador do país onde se encontra aberta a conta.

Dous díxitos de control.

Catro díxitos para o código do Banco de España.

Catro díxitos para o código da oficina.

Dous díxitos de control.

Dez díxitos para o número de conta.

O Banco de España comunicarlle o citado código ao Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Admi-

nistración Tributaria, o cal llelo trasladará ao resto dos órganos administrativos interesados no procedemento.

3. Realización de ingresos por outros Estados ou territorios. Os ingresos realizados a favor do Estado español como consecuencia do concepto a que se refire a epígrafe primeira desta resolución efectuaranse mediante transferencia bancaria á conta restrinxida citada no punto 2 desta epígrafe.

O Banco de España efectuará o aboamento na citada conta restrinxida na mesma data en que se reciba a transferencia. O dito aboamento producirase de forma individualizada, levándose a cabo unha anotación na conta por cada transferencia recibida. Efectuada cada unha das anotacións, actualizarase o saldo da conta restrinxida nese momento.

4. Incidencias nas anotacións na conta restrinxida. En caso de circunstancias excepcionais ou motivos de forza maior que impedisen realizar a anotación dos ingresos no prazo indicado no punto 3 desta epígrafe, procederase a efectuar esta unha vez superadas estas incidencias, e no prazo máximo de dous días hábiles. En todo caso, a anotación realizarase con referencia á data de recepción da transferencia do Estado ou territorio ordenante dela.

Cando se producisen erros de imputación, aboamentos duplicados ou anotacións por importes distintos aos correctos e sempre que o erro se detecte con anterioridade á realización do ingreso na conta corrente do Tesouro Público, actuarase da forma seguinte:

Se se trata dunha imputación errónea na conta restrinxida, o Banco de España anulará o asento mediante cargo polo mesmo importe. Procederase de forma análoga en caso de anotacións duplicadas dun mesmo ingreso.

Se se anotase un ingreso en conta restrinxida por importe distinto ao realmente ingresado, o Banco de España anulará o dito asento mediante cargo polo importe erróneo, procedendo a realizar o aboamento polo importe correcto.

Terceiro. *Ingreso na conta corrente do Tesouro Público.*—Os días 15 e último de cada mes, ou o inmediato hábil anterior en caso de que estes sexan festivos, o Banco de España procederá a ingresar na conta corrente do Tesouro Público o saldo existente na conta restrinxida ao peche de operacións para este tipo de ingresos no día inmediatamente anterior a aquel en que se realiza o traspaso de fondos.

Para efectos desta operación de ingreso, os sábados terán a consideración de días inhábiles.

Os traspasos deberán conter os seguintes datos:

Importe total ingresado na conta corrente do Tesouro, con indicación do número de transferencias que comprende cada ingreso.

Indicación do código correspondente a este tipo de ingresos, que será o 062 (Unión Europea. Directiva Aforro).

Período a que se refire o ingreso na conta corrente do Tesouro.

Data en que se produce o ingreso na conta corrente do Tesouro.

O mesmo día en que se efectúe o ingreso na conta corrente do Tesouro Público, o Banco de España facilitarálle información deste á Intervención Delegada na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Tomando como base a información proporcionada polo Banco de España, a Intervención Delegada na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira confeccionará unha folla de arqueo contable, que deberá remitir o mesmo día ao Departamento de Recursos Humanos e Administración Económica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cuarto. *Achega polo Banco de España da información de detalle dos ingresos realizados na conta corrente do Tesouro.*

1. Prazo e forma. O mesmo día en que o Banco de España realice o ingreso na conta corrente do Tesouro Público, remitiralle ao Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información de detalle dos ingresos que, no período a que se refire o dito ingreso, se produciron na conta restrinxida citada no punto 2 da epígrafe segunda desta resolución.

A información transmitirase por teleproceso, de acordo coas especificacións técnicas que figuran no anexo I.

2. Validación e cadramento. O Departamento de Informática Tributaria da Axencia Tributaria validará que a información de detalle transmitida polo Banco de España se axusta ás especificacións establecidas, procedendo posteriormente a realizar o cadramento entre o total da dita información e o importe ingresado na conta corrente do Tesouro Público.

3. Incidencias. En caso de que, no proceso de validación da información de detalle, se detectasen erros que motiven o seu rexeitamento, comunicaráse ao Banco de España para que este leve a cabo a emenda de tales erros.

Se no proceso de cadramento se detectase a existencia de diferenzas entre o importe da información de detalle e o total ingresado na conta corrente do Tesouro Público, a incidencia será posta en coñecemento do Banco de España para efectos de que este leve a cabo a rectificación da información de detalle ou proceda a realizar o correspondente ingreso complementario, en función de que o descadramento sexa imputable á información transmitida ou ao ingreso realizado.

Quinto. *Aplicabilidade.*—Esta resolución será de aplicación o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 21 de xullo de 2006.—O director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Luis Pedroche y Rojo.

ANEXO I

Información de detalle dos ingresos realizados na conta corrente do Tesouro

Especificacións técnicas

1. Programa de transferencia de ficheiros: EDITRAN.
2. Lonxitude de rexistro: 600 caracteres.
3. Estrutura do ficheiro:
 1. Rexistro de cabeceira.
 2. Rexistros de detalle.
 3. Rexistro de final de soporte.
4. Deseño de rexistros.

Definición do rexistro de cabeceira

FMT	Nome	Observacións/valor do campo
N1.	Código de rexistro.	1.
N3.	Identificador da conta.	070-Unión Europea. Directiva Aforro.
N8.	Data de aboamento.	Data de aboamento do ingreso Formato AAAAMMDD.

FMT	Nome	Observacións/valor do campo
N2.	Número de orde do soporte.	Indica o número do soporte para cada data de aboamento.
A586.	Libre.	Dispoñible para uso futuro.

Definición do rexistro de detalle

FMT	Nome	Observacións/valor do campo
N1.	Código de rexistro.	2.
A160.	Ordenante.	Ordenante da operación.
N14,2.	Importe en divisas.	Importe en moeda se é diferente do euro.
N13,2.	Importe en euros.	Contravalor en euros da operación.
A3.	Moeda.	Nome ISO da moeda utilizada (exemplo: USD, EUR).
A210.	Concepto.	Concepto de pagamento, texto libre.
N8.	Data de aboamento.	Data de aboamento do ingreso na conta do Tesouro.
A187.	Libre.	Formato AAAAMMDD. Dispoñible para uso futuro.

Definición do rexistro de final

FMT	Nome	Observacións/valor do campo
N1.	Código de rexistro	9.
A14,2.	Importe total en euros.	Correspóndese co total de todos os ingresos contidos nos rexistros de detalle.
A583.	Libre.	Dispoñible para uso futuro.

Características dos rexistros

Os campos numéricos estarán aliñados á dereita, completando con ceros á esquerda, e os alfanuméricos aliñaranse á esquerda, completando con brancos á dereita.

Os campos numéricos sen datos completaranse con ceros. Os alfanuméricos, na mesma circunstancia, completaranse con brancos.

Os campos de data axustaranse sempre ao formato AAAAMMDD. Os campos definidos como «Libre» conterán sempre brancos.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

14017 REAL DECRETO 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida. («BOE» 183, do 2-8-2006.)

O réxime xurídico da actividade metrolóxica en España está regulado na Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, modificada polo Real decreto legislativo 1296/1986, do 28 de

xuño, polo que se modifica a Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e se establece o control metrolóxico CEE. Ao abeiro deste marco xurídico, traspuxéronse diversas directivas comunitarias referentes a varios tipos de instrumentos de medida, elaboradas no marco da Directiva 71/316/CEE, do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre as disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos do control metrolóxico.

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, foi desenvolvida, en relación co control metrolóxico do Estado de instrumentos, aparellos, medios e sistemas de medida, polos reais decretos 1616/1985, do 11 de setembro, polo que se establece o control metrolóxico que realiza a Administración do Estado; 1617/1985, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento para a habilitación de laboratorios de verificación metrolóxica oficialmente autorizados; 1618/1985, do 11 de setembro, polo que se establece o Rexistro de Control Metrolóxico, derogado polo Real decreto 914/2002, do 6 de setembro, e o Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE.

Por outro lado, o Tribunal Constitucional nas súas sentenzas do 13 de maio e do 12 de decembro de 1991, emitiu respectivamente decisións sobre o recurso de inconstitucionalidade formulado pola Comunidade Autónoma de Cataluña e sobre diversos conflitos positivos de competencias presentados igualmente polas comunidades autónomas de Cataluña, País Vasco e Andalucía contra a lexislación metrolóxica anteriormente mencionada, declarando que lles corresponde ás comunidades autónomas citadas a titularidade das competencias executivas previstas nos reais decretos 1616/1985, 1617/1985 e 1618/1985, todos eles do 11 de setembro, e o Real decreto 597/1988, do 10 de xuño.

O crecemento e desenvolvemento do mercado único europeo e a permanente evolución da tecnoloxía dos instrumentos de medida aconsellou a necesidade de adaptar a lexislación europea existente sobre os devanditos instrumentos, adaptación que se plasmou na Directiva 2004/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, a transposición do cal ao dereito interno español se realiza por este real decreto.

O Consello da Unión Europea aprobou un novo sistema de funcionamento no campo técnico, que engloba a maior parte dos controis metrolóxicos que se realizaban ao abeiro do antigo enfoque nun control metrolóxico legal, coñecido como «enfoque global», polo que se modifican drasticamente os sistemas de control exercidos polos países membros sobre os instrumentos de medida e que foi plasmado en diversas disposicións do Consello e aplicado xa na Directiva 90/384/CEE, do 20 de xuño, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas aos instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático.

A directiva que se traspón, baseada nos principios do «novo enfoque» (Resolución do Consello do 7 de maio de 1985), no enfoque global (Resolución do Consello do 21 de decembro de 1989) e na Decisión do Consello 90/683/CEE modificada e substituída pola Decisión 93/465/CEE relativa aos módulos de avaliación da conformidade, proporciona solucións axeitadas para garantir un alto nivel de protección metrolóxica, facilita a harmonización da lexislación nacional e europea específica dos instrumentos de medida, recolle procedementos de avaliación de tipo modular, algúns deles baseados na aplicación de sistemas de xestión da calidade, e permite e fomenta unha maior participación e implicación da industria e do sector privado.

No ámbito nacional e de acordo coas sentenzas do Tribunal Constitucional anteriormente referidas, a titularidade das competencias executivas en materia de control metrolóxico do Estado correspóndelles ás comunidades